



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP de Arteixo
Arsenio Iglesias 33B
15142 Arteixo (A Coruña)
Tfno:981641284 Fax:981641284
ceip.arteixo@edu.xunta.gal

PLAN DE ACOLLIDA

CEIP DE ARTEIXO

CURSO 2020-2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP de Arteixo
Arsenio Iglesias 33B
15142 Arteixo (A Coruña)
Tfno:981641284 Fax:981641284
ceip.arteix@edu.xunta.gal

ÍNDICE

1. Contextualización.

2. Novas normas de organización e funcionamento do centro.

- ❖ **Poposta de comezo escalonado.**
- ❖ **Novas normas de organización e funcionamento do centro.**
- ❖ **Entradas e saídas. Cadros horarios.**
- ❖ **Fluxo de movementos durante a xornada escolar.**
- ❖ **Normas de organización durante as aulas**

3. Actuacións de prevención, hixiene e protección.

4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital so alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, ser ser o caso, non presencial.

5. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.



1. CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”. O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas o Programa de Acollida Covid 19 do CEIP de Arteixo, que será publicado na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiparteixo/> para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

2. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo de Ceip de Arteixo elabora este Plan de Acollida.

❖ PROPOSTA DE COMEZO ESCALONADO

Debido a cantidade de cambios nas rutinas escolares, pensamos na posibilidade de comezar o curso de forma escalonada. Preséntase a proposta na Inspección Educativa, obtendo a súa aprobación.

A proposta de inicio de curso escalonado que a continuación se presenta, ten como obxectivo un inicio seguro e ordeado do alumnado, tendo en conta a grande cantidade de cambios que presenta o centro a nivel de organización e funcionamento.



Entradas e saídas escalonadas, habilitación de novas portas de entrada ao recinto e ao edificio escolar, circulación interna, distancia de seguridade, hixienización de mans e tantos outros cambios nas rutinas escolares, fan

necesario que alumnado, profesorado e familias conten cuns días de “adaptación” e comprensión destes cambios para que sexan efectivos.

Pensamos que é importante a tranquilidade da comunidade educativa, dentro das circunstancias, para poder abordar esta difícilísima situación co menor risco e co menor número de sobresaltos posible.

O plan deseñado polo equipo directivo, en colaboración coa CCP e a aprobación do profesorado, escalona a entrada do alumnado dende o día xoves 10 ata o martes 15 de setembro.

O noso centro, a data de hoxe, conta cun total de 600 alumnos/as, aínda que seguen a matricularse alumnos/as polo período de admisión extraordinario.

Esta proposta de inicio de curso escalonado é publicada na páxina web do centro de cara a información das familias, xunto cun plano das portas de entradas que se corresponden con cada curso.

➤ **EDUCACIÓN PRIMARIA**

• **Xoves 10 de setembro**

- De 9.30 h a 12:30 h: 1ºA, 3ºA, 5ºA.
- De 10:30h a 13:30h: 1ºB, 3ºB, 5ºB.
- De 11:30 h a 14:30 h: 1ºC, 3ºC,5ºC.

• **Venres 11 de setembro**

- De 9:30 h a 12:30 h : 2º A, 4º A, 4ºD, 6ºA.
- De 10:30 h a 13.30 h: 2ºB, 4ºB, 6º B, 6ºD.
- De 11.30 h a 14:30 h: 2ºC, 4ºC, 6ºC.



- **Luns 14 de setembro**

A partir deste día os grupos que asistan ao centro faranno en xornada completa, con servizo de comedor e transporte, **a excepción do alumnado de educación infantil** que escalonará o seu inicio de curso entre os días 14 e 15 de setembro.

- ✓ 1º EP, 3º EP, 5º EP

- **Martes 15 de setembro**

- ✓ 2º EP, 4º EP, 6º EP

- **EDUCACIÓN INFANTIL**

- **Luns 14**

- 4º Ed. Infantil (alumnado en período de adaptación)

- ✓ 1º quenda: de 10:15 h a 11:15h
- ✓ 2º quenda: de 12.15 h a 13.15 h

- 5º e 6º de Infantil

-

- ✓ 5º A e 6º A. de 10 h a 12 h
- ✓ 5ºB e 6ºB: 10:30 h a 12:30 h
- ✓ 5ºC e 6º C: 11:00 a 13:h
- ✓

- **MARTES 15**

- 4º Ed. Infantil (alumnado en período de adaptación)

- ✓ 1º quenda: de 10:15 a 11:15h
- ✓ 2º quenda: de 12.15 a 13.15 h.

- 5º e 6º de Infantil:

- ✓ 5º A e 6º A. de 10 a 12
- ✓ 5ºB e 6ºB: 10:30 a 12:30
- ✓ 5ºC e 6º C: 11:00 a 13:h



❖ ENTRADAS E SAÍDAS

Seguindo o Plan de Adaptación do CEIP de Arteixo achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

- As familias non accederán ao recinto escolar durante as entradas ou saídas do alumnado. Deberán permanecer fóra do recinto escolar e tan só se achegarán aos portalóns de acceso, asigandos por nivel educativo, na hora exacta fixada de entrada e saída do alumnado en cuestión.
- **En caso de ser varios irmáns no centro**, cada un entrará polo portalón correspondente ao seu nivel e na hora establecida.
- O alumnado non fará filas senón que irá entrando individualmente no edificio a medida que vaia chegando, respectando o horario marcado para cada curso. Dirixirase directamente á súa aula seguindo a circulación sinalada no chan e respetando, en todo momento, a distancia de seguridade.
- **Non se permite** que o alumnado quede **formando agrupacións nos patios** na entrada e na saída ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto. Asemade, informárase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar. Contarase para isto coa axuda da policía local de Arteixo.
- **O número de profesores de garda** precisos para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade será de 40 mestres/as para as entrada e 38 mestres/as para a saída (sen contar cos monitores de comedor)
- O mestre/a que imparta clase na primeira hora, será o mestre de garda da aula. Non se poderá entrar nos baños antes da entrada na aula.



- Ao entrar na aula, o alumnado realizará unha correcta limpeza de mans con xel hidroalcohólico e ocupará o seu sitio. Colgará o seu abrigo no respaldo da súa cadeira.
- Cada alumno/a terá o seu lugar fixo asignado ao longo do curso. Cada aula terá un plano de distribución de cada alumno/a por pupitre.
- O alumnado que emprega o servizo de “Mañanceiros” será acompañado polos monitores/as de comedor ata a entrada xeral por onde entran os seus compañeiros de nivel.
- O alumnado transportado irá entrando no centro a medida que vaia chegando e, pola porta correspondente, accederá ata a súa aula.
- Ao igual que a entrada no centro, a saída será escalonada e diferenciada no tempo para evitar aglomeracións.
- Debido as diferentes quendas de saída (transporte, comedor e casa/garderías), flexibilizarase o horario dentro da última hora lectiva.
- Os monitores de comedor e os Mestres/as de garda de transporte recollerán aos alumnos/as que empreguen este servizo nas aulas.
- **Non estará permitido** que o alumnado quede na saída formando agrupacións ou xogando nos patios.
- Recoméndase ás familias que, unha vez saian os alumnos, despexen as zonas de saída para evitar aglomeracións.
- Prégase a máxima puntualidade, tanto nas saídas como nas entradas.
- **O servizo de comedor non acollerá aos alumnos aos que non veñan a recoller puntualmente e serán custodiados pola policía local.**



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
 E FORMACIÓN PROFESIONAL**

CEIP de Arteixo
 Arsenio Iglesias 33B
 15142 Arteixo (A Coruña)
 Tfno:981641284 Fax:981641284
 ceip.arteiro@edu.xunta.gal

ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

PORTA VERMELLA	PORTA AZUL	PORTA VERDE
-----------------------	-------------------	--------------------

CURSO	ENT	SAÍDA	CURSO	ENT	SAÍDA	CURSO	ENTRADA	SAÍDA
5º	9:20	CO- 14.10 T- 14:15 <u>C- 14:20</u>	6º	9:15	CO- 14:05 T- 14:10 <u>C- 14:15</u>	4º	9:15	CO-14:05 T- 14:10 <u>C- 14:15</u>
1º	9:25	CO- 14:15 T- 14:20 <u>C-14:25</u>	2º	9:30	CO- 14:20 T- 14:25 <u>C-14:30</u>	3º	9:25	CO- 14:15 T- 14:20 <u>C-14:25</u>

E

ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

PORTA AMARELA

4º INFANTIL		5º INFANTIL		6º INFANTIL	
ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA
9:50	CO- 13.40 T- 14:00 <u>C- 14:00</u>	9:40	CO- 13.40 T- 14:00 <u>C-14:10</u>	9:30	CO-13.50 T- 14:00 <u>C-14:20</u>

As entradas e saídas de 4º de EI realizaranse, neste horario, una vez rematado o período de adaptación.



❖ FLUXOS DE MOVEMENTOS DURANTE A XORNADA ESCOLAR

✓ **Cambios de clase.**

- O alumnado que deba acceder a unha aula específica esperará a que o mestre especialista os vaia buscar á súa aula.
- Deberán acudir á aula do especialista mantendo sempre a distancia de seguridade durante de camiño a esa aula.
- Antes de saír o alumnado deberá desinfectar o material de uso común e a mesa e cadeira da que fixo uso.
- Antes de entrar a unha aula específica deberá proceder á desinfección de mans e a desinfectar o pupitre e material do que fará uso.
- Únicamente se empregarán como espazos de uso común o pavillón, o ximnasio e a biblioteca (cun uso restrinxido das actividades).

✓ **Uso de baños.**

- O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula.
- Como norma específica para alumnado con NEE asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e desinfección como medida de prevención de risco. Este aseo está situado no primeiro andar do edificio entre as aulas de primeiro e segundo de Primaria.
- A limitación de aforo para os baños será de 1/3 e segundo a capacidade de cada baño, deberán asignarse para o seu uso baños non contiguos.
- Cada usuario/a deberá fixarse na pechadura da porta que marca se está ocupado ou non con cor vermella e branca respectivamente. Buscaranse outros sistemas se este non funciona.



- Respetaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.
- Todos os aseos terán cartelaría sobre o correcto lavado de mans.
- Despois do recreo, os alumnos/as **IRÁN DIRECTAMENTE ÁS AULAS, NON PODERÁN PARAR NOS BAÑOS**; á volta do recreo serán os profesores/as que teñan docencia no grupo os que regularán o fluxo de asistencia ao baño controlando a hixiene de mans e o aforo.

✓ **Recreos**

- Habrá dúas quendas de recreo para o alumnado de E. Primaria e tres para o alumnado de E Infantil (*Explicitado en “Plan de Adaptación”*)
- Cada grupo aula estará nunha zona determinada do patio, sen poder interactuar cos alumnos/as doutros grupos.
- O patio contará con 12 zonas de recreo para EP e 3 zonas para EI, que serán semanalmente rotatorias.
- Habrá diferentes cadros de gardas de patio, para EI e para EP, especificados no “Plan de Adaptación”.
- Para realizar as vixilancias e manter os grupos de convivencia estable, o profesorado soamente realizará gardas no nivel onde imparte docencia.
- O alumnado sairá das aulas mantendo a distancia de seguridade e circulando sempre pola dereita ata a zona asignada para cada día e grupo, acompañados polo mestre/a encargado de cada grupo.
- O alumnado subirá ás aulas en orde, mantendo a distancia de seguridade por grupo aula. Primeiro subirán ás aulas e accederán ás mesmas sempre pola dereita. Cada grupo entrará pola porta que lle corresponde.



- **Ningún alumno/a así como docente comerá nin beberá no patio.** A merenda da mañá deberá tomarse na aula coas medidas de hixiene de mans, distancia e desinfección de superficies.
- Sempre que sexa posible o recreo será no patio exterior. No caso de chuvia os recreos realizaranse na propia aula (EP) que deberá ventilarse na maior parte do tempo cando as condicións meteorolóxicas o permitan. Nestes casos, o alumnado de El fará o recreo no pavillón interior no mesmo horario e cas mesmas quendas.

❖ **NORMAS PARA O USO DAS AULAS**

- Cada alumno/a terá o seu **material diferenciado** na súa mesa nun estoxo ou lapiseiro no que garde o seu material de forma diferencia deberá ser deixado na aula pero nun espazo diferenciado do resto de compañeiros/as, preferentemente colgado na percha da mesa pupitre ou ben na súa reixa.
- Para o alumnado de Primaria: os **libros e cadernos NON quedarán na aula**, cada día o alumnado traerá o material necesario para o traballo na aula seguindo o horario de aula.
- **Non se compartirá** ningún material **sen a previa desinfección** do mesmo. Nas **aulas de educación física ou noutras** cando sexa necesaria a manipulación de determinados materiais haberá que desinfectalos antes e despois do seu uso.
- Cada alumno/a **usará a cadeira para colocar a súa roupa de abrigo** posto que debido ao número de alumnado por aula non é posible ter unha percha individual separada da dos compañeiros/as.
- As aulas serán ventiladas o maior número de veces posible, deixándoa batente a maior parte do tempo, se as condición climatolóxicas o permiten.
- O/a titor/a ventilará a aula varias veces na xornada. O/a mestres saínte ventilará a aula 10 minutos antes de saír e quedará ventilando 5 minutos máis. Quedará



rexistrada na folia específica para tal fin con hora e mestre que a realiza a cada hora.

- **Nas aulas compartidas por varios mestres, os** docentes desinfectarán a mesa do profesor e o equipo informático á antes e despois do seu uso, e procurará facer uso do seu propio material para o traballo na aula evitando compartir bolígrafos, xiz, etc. O profesorado deberá facer tamén a hixiene de mans antes de entrar na aula.
- As ventás, persianas, ordenador, etc de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para diminuír riscos de contaxio.
- Cando o alumnado faga uso dun aula ou espazo deberá **desinfectar as mans á entrada**. Nos espazos usados por varios grupos o **material de uso común** debe **desinfectarse antes e despois do seu uso**.

❖ ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

- **Creación Equipo Covid** que actuará como referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación ás función recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021.
- Cada aula estará dotada do seguinte material:
 - ✓ Máscaras cirúrxicas (para botar man delas en caso do xurdimento dalgunha continxencia, posto que tanto profesorado como alumnado deberá vir con ela da casa).
 - ✓ Cubo para o lixo con pedal, tapa e bolsa de plástico.
 - ✓ Solución hidroalcohólica.
 - ✓ Solución virucida.
- ✓ Panos individuais desbotables.
- As tarefas de limpeza e desinfección serán realizadas polo persoal de limpeza asignado polo concello de Arteixo.



- **Determinación do espazo de illamento COVID:** aula situada entre a biblioteca e a secretaría- administración do centro. A actividade diaria pode realizarse con total normalidade sen o seu uso. Está na planta baixa (facilitando a saída do centro) e ao lado da secretaría onde se atopan os teléfonos do centro e unha porta de acceso ao centro educativo separada das aulas de docencia directa do alumnado. Esta sala, ademais do material detallado para as aulas, contará con:
 - ✓ Gorros de plástico.
 - ✓ Calzas de plástico.
 - ✓ Equipos de protección individuais desbotables.
 - ✓ 1 termómetro láser sen contacto.
 - ✓ Máscaras Fpp2, KN95 para equipo Covid.
 - ✓ Pantellas protectoras.
 - ✓ Luvas de nitrilo

- **As indicacións para proceder en caso de illamento** aparecen recollidas no Plan de adaptación do CEIP de Arteixo.
- En espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 15 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.
- No momento de entrada do patio, haberá profesorado na entrada do baño encargado de supervisar o correcto lavado de mans.
- Incluirase no horario de aula diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades, do día e tras a merenda, etc para crear hábitos e rutinas de hixiene.
- Establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado ao rematar a xornada.



- Realizar a educación física e outras actividades da aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.
- As aulas serán ventiladas o maior tempo posible.

❖ **Medidas xerais de protección individual recollidas no “Plan de Adaptación”**

- A distancia interpersonal será de 1,5 metros.
- As aulas funcionarán como **grupos de convivencia estable** cuxos membros poderán socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo. Aínda así, tanto nas aulas como no centro en xeral, intentarase a máxima distancia.
- As **titorías de inicio de curso** faranse de xeito telemático, prioritariamente a través da plataforma facilitada pola consellería, Webex. As datas de cada curso foron publicadas na páxina web do centro.
- A comunicación coas familias poderá realizars a través dos seguintes medios: telefónico, páxina web e Abalar móbil.
- **Uso de máscara no centro:** a partir de 6 anos todo o alumnado deberá facer uso da máscara en todo momento, tanto dentro das aulas como nas dependencias comúns. No caso da etapa de Educación Infantil o uso de máscaras será recomendable e voluntario.
- A limitación de aforo para os baños será de $\frac{1}{3}$ segundo o aforo de cada un, e para controlalo.
- O alumnado con NEE fará uso do baño habilitado para este alumnado que estará acompañado do coidador/a.



- **Merendas:** realizarase uns minutos antes da saída ao recreo. Levaranse a cabo de xeito individual, na propia aula, cada un/unha no seu pupitre coa finalidade de portar e manipular o mínimo de enseres persoais polos distintos espazos do centro e para garantir que o alumnado cumpre coas normas básicas e específicas Covid de hixiene na hora da parva.
- **Compromiso realización autoenquisa clínica:** diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).
- Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor, segundo a cartelería recollida no Plan de Adapatación covid 19 do CEIP de Arteixo.
- Os titores e titoras serán as responsables de dar a coñecer as actuacións do Plan de forma adaptada á idade do **alumnado**.
- O primeiro día explicarase en profundidade e durante as primeiras semanas do curso traballarán co seu grupo na adquisición destas rutinas:
 - o Evitar tocar ollos, nariz e boca.
 - o Hixiene de mans (seguindo as instrucións que hai en todos os aseos).
 - o Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar que se desbotará nun cubo do lixo con tapa. Se non é posible tusir contra a flexura do cóbado. E incidir na limpeza de mans posterior.
 - o Manter a distancia física.
 - o Non compartir o material propio.
 - o Non levantase do pupitre sen razón.
 - o Pedir permiso para ir ao baño.
 - o Non encher a botella . Será preciso traer outra de repostos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP de Arteixo
Arsenio Iglesias 33B
15142 Arteixo (A Coruña)
Tfno:981641284 Fax:981641284
ceip.arteix@edu.xunta.gal

4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, ser o caso, non presencial.

- As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso, co alumnado de terceiro de primaria en diante e para o alumnado que estea parcialmente en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opción de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.
- Durante o mes de setembro, crearanse cursos nas aulas virtuais, así como os usuarios para o alumnado e profesorado.
- Durante os primeiros días de clase, os titores/as facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual, así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte.
- Intentaranse afianzar as destrezas do alumnado de cara a súa autonomía para o traballo na aula virtual.
- Pola súa parte, equipo docente formarase naquelas actividades e naqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- Neste vindeiro curso todo o claustro participará a través dunha liña de traballo do PFPP na actualización desta formación.
- Os coordinadores do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica) que, a día de hoxe, xa está



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP de Arteixo
Arsenio Iglesias 33B
15142 Arteixo (A Coruña)
Tfno:981641284 Fax:981641284
ceip.arteixo@edu.xunta.gal

preparada para o comezo de curso cos cursos do 2020/2021 creados. O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs.

5. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Segundo a UNESCO a pandemia do COVID-19 causou un forte impacto psicolóxico na comunidade educativa e a sociedade en xeral. O peche dos centros educativos, a necesidade do distanciamento físico, a perda de seres queridos, do traballo e a privación dos métodos de aprendizaxe convencionais xeraron tensión, presión e ansiedade, especialmente entre os docentes, o alumnado e as súas familias,

Toda crise, como a que se vive actualmente polo COVID-19, conleva fortes respostas emocionais negativas, como pánico, tensión ansiedade, rabia e medo. Desenvolver nas persoas habilidades de aprendizaxe socioemocional axuda a que as situacións estresantes se abórden con respostas emocionais equilibradas. Ademais, estas competencias permiten fortalecer o pensamento crítico para tomar decisións mellor informadas na vida.

Expertos en educación emocional coinciden en que as situacións de medo e tensión teñen un impacto negativo na saúde e a habilidade para aprender de todas/os os estudantes. Por iso o sistema educativo e todos os profesionais da educación deben ser conscientes de que o ensino-aprendizaxe só poderá ser efectivo a partir dun equilibrio emocional e unha saúde mental axeitada do alumnado.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP de Arteixo
Arsenio Iglesias 33B
15142 Arteixo (A Coruña)
Tfno:981641284 Fax:981641284
ceip.arteiro@edu.xunta.gal

A alerta sanitaria na que estamos inmersos conleva que a educación emocional cobre importancia entre a comunidade educativa polo que no presente curso escolar teña máis relevancia en todas as etapas educativas e precisa que se imparta de forma sistemática e transversal canto antes.

Para abordar e contrarrestar a ansiedade social e a carga emocional que desatou o COVID-19 na comunidade educativa é máis necesario que nunca desenvolver habilidades socioemocionales entre o profesorado, as familias e sobre todo os e as estudantes.

Esta situación compromete durante este curso 2020-2021 a todo o profesorado na realización de actividades destinadas ao desenvolvemento afectivo, social e creativo, contribuíndo así á mellora do benestar emocional do alumnado nesta etapa tan complicada na que o contacto social é fundamental e se limita polas restriccións sanitarias.

Obxectivos:

- Adquirir un mellor coñecemento das propias emocións.
- Identificar as emocións dos demais.
- Desenvolver a habilidade de controlar as propias emocións.
- Previr os efectos prexudiciais das emocións negativas.
- Desenvolver a habilidade para xerar emocións positivas.
- Adoptar unha actitude positiva cara a vida.



Contidos:

- **A conciencia dun mesmo:** A conciencia dun mesmo é a capacidade de recoñecer os propios sentimentos. Desde a educación emocional trátase de ensinar ás persoas para facerse conscientes das súas propias emocións, a poñerlles nome, a comprendelas e a aceptalas.
- **A autoestima:** é a avaliación que cada un fai do concepto que ten de si mesmo. Podemos sinalar cinco áreas nas que, en xeral, os nenos tenden a valorarse: autoestima global, imaxe académica, imaxe corporal, imaxe familiar e imaxe social.
- **A xestión de emocións e a autorregulación:** Cando temos conciencia das nosas emocións temos que aprender a controlalas. Non se trata de reprimilas, xa que teñen unha función, senón de equilibralas.
- **As relacións sociais e a resolución positiva de conflitos:** Para ter unhas relacións sociais satisfactorias é imprescindible desenvolver habilidades sociais (boa comunicación, empatía), aspecto fundamental dentro da educación emocional.

Actividades:

Emocións e sentimentos cos que traballaremos: Os sentimentos cos que imos traballar, serán sentimentos básicos. Hai que ter coidado de non ir demasiado rápido cando se trate de introducir sentimentos. Por iso, non presentaremos máis dun ou dous por sesión dependendo tamén do grupo de idade co que esteamos traballando. Pode darse o caso de que algúns nenos afirmen non sentir nunca algún dos sentimentos tratados. Nese caso explicarémolles que, aínda que non os sentira nunca, teñen a capacidade de sentilos, xa que todos sentimos a mesma clase de emocións.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP de Arteixo
Arsenio Iglesias 33B
15142 Arteixo (A Coruña)
Tfno:981641284 Fax:981641284
ceip.arteiro@edu.xunta.gal

- Medo, ansiedade, tensión, tristeza, enfado e preocupación.
- Valor/valentía, calma/tranquilidade, relax/relaxación, alegría, acougado, serenidade.

Exemplo de sesión:

- Presentar a emoción que se tratará mediante unha definición sinxela.
- Dar exemplos de situacións das que se poida deducir devandito sentimento.
- Ensinar debuxos e fotografías con esa expresión emocional.
- Animar aos nenos para explicar vivencias de cando experimentaron esa emoción e que un de nós, ou varios, explique, da mesma maneira, situacións que a el producísenlle eses sentimentos.
- Dar á emoción a categoría de agradable ou desagradable.
- Facer expresar fisicamente esa emoción.